

FACENDA ANUNCIA OFICIALMENTE O INICIO DA LEXISLATURA DA RECUPERACIÓN DE DEREITOS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS... OU NON, DEPENDE DE TRUMP



Na Mesa Xeral de “Información” de Empregados Públicos celebrada o día 1 de decembro de 2016, o representante da Consellería de Facenda dou conta dos datos da masa salarial para o ano 2017, toda vez que anunciaba que esta ía ser a lexislatura da recuperación dos dereitos perdidos polos empregados públicos galegos durante os últimos catro anos.

Nesa liña de boas novas, Facenda indica que as retribucións para o ano 2017 serán as mesmas que no ano 2016, pero coa recuperación do Complemento Específico, ou equivalente, das pagas extraordinarias con efectos do 01 de xaneiro de 2017.

Contradiciendo os datos do propio Presidente da Xunta, que cifraba a recuperación deste Complemento Específico fai escasos días en 185 millóns de euros, agora Facenda indica que o custo supón 121 millóns, representando un incremento dun 4% da masa salarial. Dito doutro forma, durante os últimos catro anos Facenda furtou ao conxunto dos empregados públicos 484 millóns de euros **que non pensa devolver**. Ou, o que é o mesmo, durante estes catro anos Facenda cadrou as súas contas grazas a descontarlle aos seus empregados públicos un 4% do seu salario anual.

Pero as boas noticias non acaban con isto. Así, o Director Xeral de Función Pública, exercendo a portavocía de Facenda segue anunciando as boas novas: durante o ano 2017, a taxa de reposición de efectivos será a máxima... A máxima que permita o Estado que é quen a fixa, como non podía ser doutra forma.

E xa como colofón deste festival de boas novas, o portavoz de Facenda anuncia a vontade de Facenda de iniciar unha nova senda de diálogo e negociación cos sindicatos para acadar acordos de recuperación e mellora das condicións laborais dos empregados públicos.

E todo isto grazas a boa xestión destes anos, que permitiu que Galicia se atope nun contexto de importante recuperación económica e que a taxa do PIB galego sexa superior á do conxunto de España. E así, o futuro dos empregados públicos galegos presentase inmellorable. Pero... Pero sempre hai un pero...

Segundo o portavoz de Facenda, toda esta batería de boas novas para os empregados públicos *“está condicionada á inseguridade política internacional e especialmente debido á incertidume xerada dende a chegada de Trump ao poder”* (literal).

De feito, o Director Xeral de Función Pública non descarta que as próximas Mesas de Negociación de Empregados Públicos se realicen na embaixada de Estados Unidos.

O que si confirmou o portavoz de Facenda é que Ivanka Trump incorporárase proximamente e de xeito habitual ao Consello de Xunta.

CSI•F

Sindicato Profesional de EMPREGADOS PÚBLICOS!!

“Os empregados públicos velamos pola túa saúde e pola túa seguridade, educamos aos teus fillos e coidamos dos teus maiores. O teu benestar é o noso obxectivo e o noso premio, por iso tratamos de facelo cada día mellor. Traballamos cada día para gañar o teu respecto.

Ti xa tes o noso”



empregado público
Estou Xti



www.estoyxti.es

DEFENDENDO O PÚBLICO

Central Sindical Independente e de Funcionarios
Rúa do Valiño, núm. 65, Baixo 15707 - Santiago de Compostela
981 560 951 981 575 140 [galicia@csi-f.es](mailto:g Galicia@csi-f.es)



<http://heraldtoupeiras.es/>
<https://www.facebook.com/herald.toupeiras>
<https://twitter.com/HeraldToupeiras>